



O establecemento conta cun 34% máis de sala de vendas

Lidl reabre mañá a súa tenda de Carballo tras investir máis de 3 M€ na súa mellora

- **A modernización das instalacións permítelle á cadea ofrecer máis de 100 referencias novas de produtos aos seus clientes, que terán á súa disposición dous puntos de carga eléctricos e máis de 80 prazas de aparcamento**
- **A provincia da Coruña concentra case o 80% das actuacións que desenvolve Lidl en Galicia en 2026, con obras concluídas en Narón, Ferrol e Carballo e outras xa en fase de execución, coma as de Cee, Ordes e Oleiros ou cun inicio próximo, coma a da Gándara (Ferrol)**

Carballo (A Coruña), 17 de setembro de 2026 – Lidl reabrirá mañá venres 18 de setembro a súa renovada tenda situada na Avenida Bértoa do municipio coruñés de Carballo, en cuxa modernización investiu máis de 3 millóns de euros.

Grazas a esta intervención, o establecemento contará cun 34% máis de sala de vendas, que pasa duns 1.000 m² a máis de 1.400 m². Esta maior superficie permite que a cadea poida ampliar a variedade de produtos que ofrece, que sumará máis de 100 referencias novas á disposición dos clientes deste local, entre as que cobra especial protagonismo a oferta de viños rexionais.

Pensando en ofrecer unha experiencia de compra máis cómoda e sostible, Lidl ampliou tamén o número de prazas de aparcadoiro habilitadas (de 70 a 82), á vez que incorpora dous puntos de carga para vehículos eléctricos.

O establecemento estará aberto de luns a sábado de 9 a 21.30 horas, así como os segundos, cuartos e quintos domingos de mes de 9.30 a 14.30 horas, coincidindo cos días de celebración da feira desta localidade. Así mesmo, incorpora outras medidas aliñadas co compromiso de Lidl co crecemento sostible, como uns 500 m² de paneis solares destinados a favorecer o autoconsumo de enerxía.

Jaime Herrá, director rexional de Lidl en Galicia, anima aos carballeses a coñecer as novas instalacións a partir de mañá, xornada na que se ofrecerá unha degustación gratuíta de queixos, *floopies* e croissants.

Ampliación do equipo e provedores locais

A renovación desta tenda irá acompañada dunha ampliación do persoal que atende o inmoble, e que chegará agora ás 23 persoas (con dous postos de nova creación). Alén deste impacto directo na creación de emprego, Lidl tamén apoia a consolidación dos postos de traballo



indirectos e inducidos coa contratación de empresas locais para o deseño e a execución da obra: a enxeñería coruñesa Cotecno liderou os traballos técnicos, mentres que a construtora Navila, con sede en Arteixo, encargouse da edificación.

A Coruña, provincia líder na expansión de Lidl en Galicia

A provincia da Coruña concentra a maioría de intervencións previstas no plan de expansión da cadea para Galicia este 2026 ao sumar sete das nove actuacións planificadas. En concreto, tres delas correspóndense con obras xa finalizadas e á disposición dos galegos (Narón, Ferrol – hospital e Carballo), mentres que, das restantes, tres (Cee, Ordes e Oleiros) están actualmente en fase de execución e a última (a ampliación de Ferrol – A Gándara) está previsto que se inicie proximamente.

A este respecto, **Jaime Herrá**, destaca que *“esta reapertura en Carballo consolida o noso plan de expansión na Coruña, unha provincia chave na que concentramos case o 80% das nosas actuacións en Galicia este 2026. Ao mesmo tempo, o impulso de obras recentes en municipios como Narón, Cee, Ordes ou Oleiros reafirma o noso compromiso por achegar a nosa oferta aos veciños de toda a rexión”*.

Ademais destas intervencións na Coruña, Lidl tamén abriu a súa primeira tenda en Poio e trasladou o seu establecemento de Sanxenxo ao polígono industrial de Nantes, ambas as actuacións na provincia de Pontevedra.

Impacto na provincia

Segundo o último *‘Informe de impacto corporativo de Lidl’*, elaborado pola consultora independente PwC, a actividade de Lidl xera unha pegada global de 238,3 millóns de euros na provincia da Coruña, o que supón un 0,74% do PIB total, converténdose así na segunda provincia galega na que a súa actividade ten maior peso. Este é o resultado de sumar o impacto directo (23,5 millóns), indirecto (180,6 millóns) e inducido (34,2 millóns), que foron medrando de xeito sostido, acumulando un aumento do 62,95% desde 2018.

Así mesmo, a cadea xa dinamiza preto de 5.000 postos de traballo na Coruña, entre directos (435), indirectos (3.928) e inducidos (588), o que representa o 1,02% do total da provincia. Deste xeito, A Coruña é a demarcación galega na que Lidl apoia máis empregos, tanto en termos absolutos como en valores relativos de achega ao tecido laboral. Este liderado correspóndese co incremento sostido dos últimos anos, xa que desde 2018 Lidl incrementou un 60,2% o seu impacto laboral.



Tras máis de 25 anos de presenza en Galicia, Lidl segue a traballar para contribuír á dinamización do mercado laboral e á economía da rexión. Desde a inauguración das súas primeiras tendas no Porriño, Culleredo, Ferrol e Lugo, en 1998, a cadea impulsou un plan de expansión sostido e sostible que lle permite contar, a día de hoxe, con 41 tendas distribuídas entre as distintas provincias e un cadro de persoal de preto de 1.000 empregados. A compañía tamén mantén desde hai anos un firme compromiso co produto e proveedor local: actualmente traballa con máis de 60 provedores rexionais, con compras anuais que superan os 385 millóns de euros.

O compromiso de Lidl con España

Desde a súa responsabilidade como grande empresa, Lidl traballa máis que nunca para reforzar o seu compromiso con España e contribuír de xeito decisivo ao desenvolvemento económico e social do país. Neste senso, a compañía segue a xerar valor compartido en todo o territorio a través da apertura de novas tendas e plataformas loxísticas, a creación de emprego estable e de calidade, e a compra de produto nacional –impulsando e internacionalizando os negocios dos seus provedores–. Todo iso estando preto de colectivos vulnerables con proxectos que permiten mellorar as súas vidas e sen renunciar á sustentabilidade como factor clave en toda a súa actividade, para ofrecer sempre a mellor relación calidade-prezo aos seus clientes.

Acerca de Lidl

Lidl é unha cadea de distribución alimentaria con presenza desde hai máis de 30 anos en España, onde grazas á crecente confianza dos seus clientes xa é o terceiro operador do sector por cota de mercado. Hoxe en día, a empresa conta cunha rede de máis de 730 tendas e 14 plataformas loxísticas e cun cadro de persoal de máis de 20.000 persoas. Lidl tamén colabora estreitamente cuns 860 provedores nacionais aos que xa merca produtos por valor de máis de 7.900 M€ anuais, exportando máis da metade.

Lidl Supermercados é a filial en España da alemá Lidl Stiftung, compañía que forma parte do Grupo Schwarz, o cuarto operador mundial no sector da distribución alimentaria. Lidl como grupo é a cadea de supermercados líder en Europa e está presente en máis de trinta países, cunha estrutura que inclúe máis de 13.000 establecementos, máis de 230 centros loxísticos e un cadro de persoal superior a 395.000 persoas, guiado polos valores de pertenza, respecto, humildade, confianza e desempeño.

Para máis información:

Atalaya Comunicación

E: pablovsande@atalayacomunicacion.com

T: +34 604 022 639

